

A Coruña acolle a entrega dos premios Inspiraciencia

Por Manuel Rey 30/06/2017

*Entrega de premios da VII edición de
INSPIRACIENCIA*

30 de xuño, ás 18:30 h

Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCYT)
Praza do Museo Nacional, 1. A Coruña

O acto conta coa posta en escena de Limiar Teatro:

"Creando pontes. Ciencia_Escena_Literatura"



O **Muncyt** da Coruña acolle na tarde deste venres, 30 de xuño, a entrega dos VII premios **Inspiraciencia** (<http://www.gciencia.com/tema/inspiraciencia/>), o concurso de relatos de inspiración científica organizado polo **CSIC**, a través da súa delegación en Cataluña, e financiado pola convocatoria de axudas da **Fecyt** para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación. Das 637 obras presentadas, 31 están escritas en galego (16 na categoría xuvenil e 15 na adulta).

No acto participarán a escritora **Rosa Montero**; a directora de Cultura Científica da Fecyt, **Rosa Capeáns**; o delegado do CSIC en Galicia, **Eduardo Pardo de Guevara**; e a representante da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, **Mercedes Queixas**. A compañía Limiar

Teatro, de Vigo, presentará o espectáculo Creando pontes, unha obra desenvolvida expresamente para o evento.

O xurado entregará **oito premios** e unha ou dúas mencións finalistas por cada idioma oficial (castelán, galego, catalán e euskera) e categoría (adulto e xuvenil). Amais, outorgarase o premio do público á obra máis votada na web de Inspiraciencia.